

Documentación que deben enviar as entidades para solicitar a súa **inscrición** no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais:

É preciso remitir ao Servizo de Inspección de Servizos Comunitarios e Inclusión Social unha solicitude normalizada de inscrición, que poderán descargar no seguinte enlace: <http://avepss.traballoebeneficio.xunta.es/inscripcion.html>, acompañada da seguinte documentación:

- a. A acreditación da identidade da persoa que asina a solicitude e/ou da súa representación, ou o consentimento expreso para a súa comprobación por medios telemático (cumprimento a casilla correspondente da solicitude normalizada).
- b. O proxecto específico de servizos sociais a desenvolver pola entidade incluídos no marco dos obxectivos do artigo 3 e 18 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, as persoas destinatarias do mesmo, o/s enderezo/s das instalacións nas que realizará/n a/s actividade/s e a cartera de servizos que vai desenvolver.
- c. A denominación da entidade e do/s centro/s ou programa/s dos que sexa titular (lémbrese que a denominación elixida non poderá coincidir con outras que xa estean inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, polo que recomendase realizar una busca no aplicativo polo nome elixido, para determinar a posible concurrencia coa denominación doutras entidades, centros ou programas xa inscritos).
- d. No caso de que se trate dunha persoa xurídica xuntarase ademais:
 - a copia da acta ou acordo de constitución da entidade e dos seus estatutos.
 - o seu número de identificación fiscal (CIF definitivo).
 - o documento acreditativo da composición do órgano de goberno.
 - o certificado da inscrición da entidade no rexistro oficial correspondente á súa natureza.

De pretender a clasificación da entidade como entidade de iniciativa social, o/a representante legal da entidade certificará que se cumpren os requisitos recollidos nos apartados 2, 5, 6 e 10 do artigo 3 da Lei 42/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado. (BOE núm. 307 Martes 24 decembro). Na Asesoría Virtual de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, hai un enlace ao modelo de certificado.